

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MOS
Edificio	Igrexa de San Salvador de Louredo
Dirección	Camiño da Igrexa, s/n. 36415
	42.218774 -8.596072
Protección	
Descricion	Igrexa de época románica, construída cara a mediados do século XII e retocada no século XIII, sufriu importantes cambios cara a finais do XVIII con motivo da contrución da torre e da fachada principal. Da primitiva época románica destacan os canzorros que anteceden o aleiro e a cornixa, e a decoración de círculos con flores hexapétalas e cruces no beirado. O muro norte tamén conserva unha porta que aínda que perdeu as súas arquivoltas e columnas, presenta un tímpano decorado e rodeado por unha chambrana con billetes que se apoia directamente sobre as xambas coma se fose o seu lintel. A fachada principal, foi mandada construír polo párroco D. Francisco Castiñeiras no ano 1780 segundo consta na inscrición que está sobre a porta que di o seguinte: “ESTA OBRA HIZO A SU COSTA DON FRANCISCO CASTIÑEIRA.AÑO DE 1780”. Posúe unha porta con moldura de orelleiras tanto na base coma na parte superior e unha similar no centro do lintel. A fornela central , de arco de medio punto, posúe unha imaxe do patrón. Por riba dela hai un ocelo de derrame exterior e moldurado de modo similar. Remátase cunha cornixa corrida de cuarto de bocel, seguindo a liña da torre con pináculos extremos. No centro está o remate barroco con dúas volutas inversas que o cerran exteriormente e cun pequeno óculo superior. As inferiores sosteñen pináculos e as superiores a cornixa onde asenta a cruz de remate e a cada lado outro pináculo. A torre, construída no 1722, é de base cadrada. O corpo de campás está aberto aos catro ventos con arcos de medio punto. Cérrase cunha cornixa superior que sostén un tambor cilíndrico e unha semiesfera rematada nun pináculo que fai de base para unha cruz metálica. En cada extremo da cornixa ten o seu pináculo. No interior, xunto á porta lateral atópase unha inscrición da que non se coñece o seu significado. Tamén no exterior polo lado sur hai un sillar con outra inscrición tapada por unha lousa sepulcral. Na parte descuberta pódese ler: “ERA: M” O interior tamén acolle un escudo de armas que fai referencia á liñaxe dos Lanzos e Taboada, así como un sepulcro situado na Capela Maior. O 10 de marzo de 1996 a igrexa sufríu un incendio que destruíu completamente o teito da nave central. Ao ano seguinte levouse a cabo a súa rehabilitación.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	

Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.paxinasgalegas.es
Data	12-07-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Maior.	OCAMPO, HERMANOS	2000		
Torre-campanario	Menor.	CABRILLO, CASA (SALAMANCA)	1967		

Información completa: [Igrexa de San Salvador de Louredo - MOS \(GALICIA\)](#)

PDF (04-09-2026)